A atención sanitaria no concello de Sarria vén sufrindo nos últimos tempos unha degradación constante, ata o punto de que o máis básico, como é conseguir unha cita no centro médico convertese nunha odisea para os veciños e veciñas de Sarria. Algunha persoa veciña ten denunciado realizar máis de 23 chamadas rexistradas no seu mobil para conseguir unha cita para o centro médico.

É preciso recordar que neste concello permanece pechado o Centro de Saúde de Oural. A parroquia de Oural (Sarria) dispoñía dun consultorio, con persoal para atender a unha consulta médica, ata o ano 2011 en que foi pechado polo Goberno da Xunta de Galicia. A atención ofrecida nese consultorio incluía non so ás persoas desta parroquia, senón de ata 8 parroquias adxacentes, acumulando un volume de pacientes en torno aos 1200.

Oural está a máis de 9 quilómetros do Centro de Saúde de Sarria, que lle corresponde agora aos veciños e veciñas desta parroquia, ao que cabe engadir a non existencia dun transporte público que permita este traslado con relativa facilidade. Si a isto se engaden variables demográficas, como o avellentamento da poboación, a importancia de reabrir o consultorio pódese entender de maneira máis clara.

O peche sorpresivo, no ano 2011, polo goberno popular de Núñez Feijóo, do Centro de saúde de Oural é outro claro exemplo do desmantelamento da sanidade pública por parte da Xunta de Galicia, a pesar de estar obrigada a ofrecer a todos os galegos e galegas unha sanidade pública de calidade e eficaz.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar os trámites para a apertura dun novo consultorio sanitario na parroquia de Oural (Sarria) que poida cubrir a necesidade de atención primaria no entorno desta parroquia e adxacentes para mellorar a atención sanitaria conxunta da comarca.
2. Garantir a correcta atención primaria no concello de Sarria, dotándoo a estes servizos médicos dos profesionais sanitarios precisos para que a veciñanza de Sarria poida ser atendida con todas as garantías médicas.

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2020

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 14/09/2020 18:12:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2020 18:13:20

Julio Torrado Quintela na data 14/09/2020 18:13:30

Marina Ortega Otero na data 14/09/2020 18:13:37

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/09/2020 18:13:46



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Alberto Pazos Couñago, José Manuel Balseiro Orol, Elena Candia López, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de Motivos:

Todos os anos, habitualmente durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, desenvólvese a campaña do bonito, na que participan preto de 300 barcos, moitos deles procedentes dos principais portos pesqueiros de Galicia.

Sen embargo, a campaña deste ano rematou antes do esperado polo sector, o pasado 19 de agosto, logo de que o Ministerio de Agricultura e Pesca dera orde de pechar a pesca do atún branco ou bonito do norte, ao terse consumido a cota deste ano.

Estamos ante a campaña máis curta da historia do bonito do norte, ao ser 9 días máis curta ca do ano pasado, un feito que enfada ao sector boniteiro, un malestar que se agranda ao terse constatado abundancia do recurso. Lonxe quedan aquelas campañas do bonito que chegaban ata o outono.

A cota do bonito española segue a ser insuficiente e, aínda que se prevé unha ampliación para o vindeiro ano, no sector cren que se quedará tamén curta.

Unhas pésimas perspectivas para uns barcos que xa acumulan unha campaña en circunstancias moi complexas tanto pola situación do mercado como das limitacións pola pandemia sanitaria.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia dirixirse ao Goberno central para:

1. A realización de estudos que conduzan a acreditar, diante de ICES e ICCAT, o bo estado do stock de bonito do norte e, conseguintemente, a un aumento do TAC asignado a esta especie no Atlántico norte.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



2. A negociación e adopción de medidas de xestión que permitan, no marco disposto por ICCAT e da normativa europea sobre TAC e cotas, poder estender a duración da campaña e a rendibilidade económica da campaña do bonito.”

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/09/2020 18:16:13

José Alberto Pazos Couñago na data 14/09/2020 18:16:30

José Manuel Balseiro Orol na data 14/09/2020 18:16:37

María Elena Candia López na data 14/09/2020 18:16:47

José Manuel Cores Tourís na data 14/09/2020 18:17:05

Martín Fernández Prado na data 14/09/2020 18:17:14

María Corina Porro Martínez na data 14/09/2020 18:17:31

María Elena Suárez Sarmiento na data 14/09/2020 18:17:44

Daniel Vega Pérez na data 14/09/2020 18:18:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martín Fernández Prado, Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de Motivos:

A unión, antepoñendo o interese xeral ás eventuais diferencias ideolóxicas, permitiu no seu día que tres comunidade autónomas, Galicia, Asturias e Castela-León, conformaran unha fronte común ante a Unión Europea para reivindicar e lograr a inclusión do noroeste peninsular no Corredor Atlántico de Mercadorías.

É certo que nesa reivindicación, que liderou Galicia, os gobernos autonómicos non estiveron sos. Contaron co respaldo dos axentes económicos e sociais e mesmo coa implicación directa do Goberno do Estado, encabezado daquela polo Partido Popular.

Superada esa primeira fase de recoñecemento, para Galicia resulta ineludible lograr un segundo obxectivo: dispoñer dunhas infraestruturas ferroviarias modernas, que estean á altura dos tempos e das necesidades e que inclúan conexións axeitadas cos principais portos do noso territorio.

A mellora da rede de ferrocarril e a consecución, polo tanto, deste obxectivo é competencia do Goberno de España, capitaneado agora polo Partido Socialista.

Porén, o executivo de Pedro Sánchez, desgraciadamente, pouco fixo neste eido. É máis, mantense inactivo e indiferente ante as reiteradas peticións do Goberno da Xunta a este respecto. E actúa así pese á transcendencia que ten a aludida modernización para incrementar a capacidade loxística e económica do noroeste peninsular e tamén pese a que a Unión Europea pon fondos á disposición dos estados membros, o denominado Mecanismo Conectar Europa, para financiar a execución desas melloras.

Na opinión do Grupo Parlamentario Popular, é inxustificable a desidia amosada polo Goberno de España, que ata o de agora non foi capaz de presentar ante as institucións europeas unha planificación completa e pormenorizada dos proxectos a desenvolver na

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



rede ferroviaria galega para a súa modernización e poder así beneficiarse dos fondos consignados precisamente a tal fin.

E é por iso que O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta esta proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España información pormenorizada sobre as previsións de modernización das infraestruturas ferroviarias do Corredor Atlántico de Mercadorías e sobre as xestións realizadas ante a Unión Europea en aras de recibir financiación procedente do Mecanismo Conectar Europa”.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/09/2020 13:06:12

Martín Fernández Prado na data 15/09/2020 13:06:26

María Elena Candia López na data 15/09/2020 13:06:39

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 15/09/2020 13:07:16

Ramón Carballo Páez na data 15/09/2020 13:07:30

María Sol Díaz Mouteira na data 15/09/2020 13:08:45

Daniel Vega Pérez na data 15/09/2020 13:08:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Borja Vereza Fraiz na data 15/09/2020 13:09:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPGeubTeVma7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas Martín Fernández Prado, Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno.**

Exposición de Motivos:

En marzo de 2019, o Goberno de España anunciou no Diario Oficial da Unión Europea a licitación das obras que permitirían a conexión ferroviaria do porto exterior da Coruña.

Ese anuncio, que a día de hoxe non pasou diso, confirma dúas cousas. A primeira, que a dotación desta conexión é estratéxica e vital para incentivar a competitividade e favorecer o desenvolvemento económico do porto de Langosteira e, xunto a el, de toda a área da Coruña e mesmo de Galicia no seu conxunto. De non ser así, o Goberno que encabeza Pedro Sánchez non a tería empregado como reclamo, dado que o mencionado anuncio coincidiu en vésperas dunha cita electoral.

En segundo lugar vén confirmar que esta infraestrutura conta xa co pertinente proxecto construtivo, xa que de non ser así non podería figurar no boletín informativo da Unión Europea.

A día de hoxe, porén, Portos do Estado non ten previsións sobre o inicio das obras e o Adif mesmo chegou a poñer en dúbida a súa execución a curto prazo amparándose na situación financeira do porto coruñés. Uns reparos que non fai extensibles a outras actuacións semellantes noutros territorios do Estado. É o caso da conexión do porto Bajo de la Cabezuela, en Puerto Real (Cádiz), coa liña ferroviaria Sevilla-Cádiz, que saíu a licitación o pasado mes de xuño.

A inclusión do noroeste peninsular no Corredor Atlántico de Mercadorías ofrece unha oportunidade única para acadar investimentos e actuacións que modernicen a nosa rede ferroviaria de mercadorías, conectando os portos de forma directa con estes corredores.

Neste marco, a conexión por ferrocarril do porto exterior da Coruña -que conta co respaldo da propia administración municipal-, pode ser, posto que cumpre todos os requisitos, beneficiaria dos fondos consignados precisamente para a dotación de infraestruturas deste tipo pola Unión Europea, o Mecanismo Conectar Europa. Aínda



que, iso si, para poder dispoñer desta financiación comunitaria, o Goberno de España ten que solicitalo. Unha condición que a este Grupo Parlamentario non lle consta que ata o momento teña cumprido o Executivo español.

E é por iso que os deputados e deputadas asinantes presentamos esta proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España:

1.- A licitación inmediata das obras da conexión ferroviaria do Porto Exterior da Coruña, anunciada no Diario Oficial da Unión Europea en marzo de 2019.

2.- A solicitude de fondos europeos, a cargo do Mecanismo Conectar Europa, para lograr o cofinanciamento desta infraestrutura estratéxica para a área da Coruña e para toda Galicia”.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/09/2020 13:16:08

Martín Fernández Prado na data 15/09/2020 13:16:25

María Elena Candia López na data 15/09/2020 13:17:04

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 15/09/2020 13:17:25

Ramón Carballo Páez na data 15/09/2020 13:17:40

María Sol Díaz Mouteira na data 15/09/2020 13:17:59

Daniel Vega Pérez na data 15/09/2020 13:18:26

Borja Vereza Fraiz na data 15/09/2020 13:18:39



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia padece unha crise demográfica de carácter estrutural agravada nos últimos 10 anos, que coinciden cos gobernos do Partido Popular de xeito interrompido na Xunta de Galicia. Situación que aínda é máis preocupante, se cabe, pola saída neta de mozos e mozas ao resto de España e a caída continua de nacementos. Proceso acumulativo, porque á baixa propensión á natalidade súmase que as xeracións en idade fértil son cada vez máis reducidas, que da como resultado unha “fecundidade moi baixa entre as baixas”, singular polo seu nivel entre as rexións europeas.

Se facemos o balance, temos que mentres en 2008 naceron 23.175 nenos e nenas, en 2018 a cifra está ao redor de 17.000, unha caída superior a un 25 %. Mentres estes datos foron negativos en todos os anos, o Goberno galego asegura unha e outra vez que se trata dun asunto central, básico, senlleiro para o futuro de Galicia e fai plans con distintos nomes pero con idénticos resultados, sendo un dos maiores fracasos da Xunta de Galicia.

Aprobouse neste Parlamento un Plan estratéxico 2015-2020 que colocaba o incremento do número de nacementos entre as súas prioridades, aprobouse un Plan de revitalización demográfica que nós refugamos daquela porque erraba no diagnóstico e non se comprometía nas políticas públicas adecuadas, presentaron unha proxecto de Lei de impulso demográfico que presenta exactamente os mesmos erros, propondo fundamentalmente políticas de natalidade, sen propor crear as condicións precisas para que fose posible unha natalidade próxima ao reemprazo.

Os socialistas cremos que só reforzando os dereitos das mulleres é posible facer compatible a natalidade voluntaria coa igualdade de xénero máis plena. As mulleres, as familias desexan en Galicia de media ter o duplo de fillos que teñen hoxe realmente, o que nos colocaría en vías de solución para a crise demográfica que hoxe padece Galicia. As mobilizacións do 8 de marzo contribúen a visibilizar a desigualdade e a colocar na axenda pública, moi arriba, as políticas para a igualdade de xénero.



Pero cómpre trasladar ese impulso social ás decisións políticas, tendo en conta que a crise económica e social derivada da crise sanitaria da COVID-19 agrava aínda máis esta, xa de por si, preocupante situación, tendo que actuar con maior intensidade en políticas de emprego, en conciliación, en política social e en igualdade, en corresponsabilidade, sendo en grande medida estas políticas da responsabilidade directa da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar conxuntamente entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Educación un programa para a planificación da maternidade con políticas activas que se implementarán nos centros de educación secundaria, de FP e nos centros de saúde e de planificación familiar, que conteña:

- Información sobre a prevención de embarazos non desexados.
- Información sobre a preservación da fertilidade que permitan a mellor planificación da maternidade.
- Información sobre os tratamentos de reprodución asistida ás mulleres.

2. Garantir os tratamentos de reprodución asistida a todas as mulleres no sistema público de sanidade.

3. Establecemento dun programa específico que permita a dotación de servizos pediátricos en atención primaria e especializada coa correspondente plasmación xeográfica,...), para dar cobertura ao tratamento de lactantes e nenos/as ate os 16 anos.

4. Elaborar un plan de emancipación xuvenil en materia de vivenda.

5. Elaborar un plan de vivenda en aluguer e de rehabilitación para as persoas con menos recursos económicos e para os emigrantes retornados.

6. Permitir que para determinados casos con maior vulnerabilidade a Risga poida ser compatible co Ingreso Mínimo Vital promovido polo Goberno de Pedro Sánchez.

7. Elaborar unha estratexia de conciliación na que teña en conta ás familias, as empresas, as administracións e aos sindicatos, que debe contemplar:

- Medidas de flexibilidade na distribución do tempo de traballo, incluído o teletraballo.
- Medidas de flexibilidade espacial.
- Medidas de reforzo e asesoramento.

8. Escolas infantís: dereito subxectivo universal a praza en escola infantil para toda a poboación de 0 a 3 anos en condicións de accesibilidade: preto dos lugares de



traballo (parques empresariais, centros de traballo públicos, concellos rurais) e con taxas alcanzables (gratuito para un rango de renda familiar).

9. Centros de día: dereito a praza para a poboación maior de 65 anos e persoas dependentes en condicións de accesibilidade: preto da vivenda, con taxas alcanzables e con transporte.

10. Facer efectivo o diálogo social e impulsar a negociación colectiva.

11. Incrementar as políticas activas de emprego.

12. Reforzar e garantir os instrumentos e recursos de vixilancia, control e sanción da Autoridade Laboral para o cumprimento efectivo do principio desigualdade no ámbito laboral.

13. Avanzar na eliminación das violencias machistas, garantindo o estricto cumprimento das medidas acordadas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero e garantir o seu impacto para mellorar a situación de estas mulleres.

14. Esixencia de infraestruturas públicas para a atención e coidados, accesibles e adecuados, de nenos e nenas, especialmente menores de 0 a 3 anos e de persoas maiores e/ou en situación de dependencia.

15. Fomentar a RSE nas empresas e persoas traballadoras autónomas que desenvolvan a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

16. Elaboración de “Plans de Impulso á Diversidade”, coa finalidade de promover a importancia da variedade de xénero e xeracional nos diversos ámbitos (públicos e privados) de traballo, que conte co respaldo e implicación das diversas xefaturas ou direccións, promovendo un cambio de cultura cara á diversidade, ao tempo que desenvolver un estilo de liderado inclusivo.

17. Establecer de forma gradual un sistema de gratuidade das matrículas universitarias no primeiro curso de grao.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Juan Carlos Francisco Rivera

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/09/2020 17:45:37





Juan Carlos Francisco Rivera na data 15/09/2020 17:45:48

Marina Ortega Otero na data 15/09/2020 17:45:57

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/09/2020 17:46:05



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O 23 de marzo de 2017, o Consello da Xunta de Galicia aprobou un documento elaborado pola Consellería do Medio Rural para fixar poboación no rural dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos para cohesión territorial, innovación e formación, agricultura sustentable, mellora da competitividade, impulso da cooperación e remuda xeracional.

Segundo manifesta o Goberno, o plan xira arredor de seis grandes eixes, a través de 23 medidas, coa previsión de crear uns 3.000 empregos directos no agro galego e a posta en valor de case 330.000 hectáreas dende o punto de vista agrogandeiro e forestal no período 2017-2020.

Sendo o seu principal obxectivo a cohesión territorial e o mantemento da poboación, apoiando os modelos de negocio no rural, tanto a través do aproveitamento dos seus recursos endóxenos (agrogandeiro e forestal) como dos novos eidos de negocio. Busca tamén acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais e a creación e conservación do emprego.

Tres anos despois da aprobación deste plan, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que:

1. Execute na súa totalidade os recursos destinados para fixar poboación no rural neste exercicio 2020.
2. Elabore un documento no que se analice o cumprimento do documento elaborado pola Consellería de Medio Rural para fixar poboación no rural dotado con 230 millóns de euros, así como a análise de cada un dos seis grandes eixes e das 23 medidas que contaba o plan inicialmente. Que se lle dea traslado a todos os grupos parlamentarios para o seu estudo e debate.



3. Se elabore un plan de revitalización do rural no que se participación aos distintos grupos parlamentarios, aos sindicatos e aos representantes dos sectores produtivos, co fin de dotalo orzamentariamente nos orzamentos de 2021.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/09/2020 17:47:35

Juan Carlos Francisco Rivera na data 15/09/2020 17:48:28

Martín Seco García na data 15/09/2020 17:49:07

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/09/2020 17:49:19

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/09/2020 17:49:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, para recuperar para o patrimonio público as esculturas do obradoiro do Mestre Mateo do Concello de Santiago, en poder da familia Franco.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG solicitara, en maio de 2012, no Concello de Santiago o documento de cesión ou venda de dúas esculturas do Pórtico da Gloria á familia Franco de cara a restituír o patrimonio. O obxectivo inicial era coñecer a documentación existente de cara a reclamar este patrimonio cultural para restituílo ao emprazamento orixinal.

A asociación O Sorriso de Daniel difundira naquela altura que o Concello de Santiago de Compostela tiña inventariadas, logo da súa adquisición ao conde de Ximonde, dúas esculturas de arte románica pertencentes ao conxunto do Pórtico da Gloria, que figuraban en posesión da familia Franco na Casa de Cornide. Referíanse a dúas estatuas esculpidas no obradoiro do Mestre Mateo, entre finais do século XII e comezos do XIII.

O Concello de Santiago mercoullas ao conde de Ximonde, con sinatura da escritura de compravenda datada o 4 de xuño de 1948, coa condición de que non saísen da cidade e, durante un tempo, decoraron as escaleiras do Pazo de Raxoi, até que as levou a familia do ditador logo dunha visita a Santiago de Compostela.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No informe que redactou o escultor Francisco Asorey para a tramitación da compra destas esculturas por parte do Concello de Santiago de Compostela incluíuse unha cláusula co seguinte: “Celebraría que estas estatuas quedasen nesta cidade para a admiración de todos os amantes das belas artes e felicitando ao excelentísimo Concello por tan meritorio labor, que así se fan grandes os pobos”.

O Concello de Santiago presentou, en novembro de 2017, unha denuncia pola titularidade das pezas que foi admitida a trámite un mes despois co obxectivo de conseguir a devolución destas esculturas coa argumentación de que son parte do patrimonio público e, polo tanto, non poden ser cedidas nin regaladas, nin ha lugar para a prescrición. Nesa demanda, o Concello de Santiago incluíu documentación para demostrar que é o lexítimo propietario das dúas pezas, adquiridas ao Conde de Ximonde coa condición de que nunca saísen de Compostela.

O Diario Oficial de Galiza publicou o 5 de febreiro de 2018 a resolución pola que se incoa o expediente para declarar Ben de Interese Cultural nove esculturas atribuídas ao Mestre Mateo procedentes da desaparecida fachada occidental da catedral de Santiago de Compostela, que inclúen as destes dous profetas, as estatuas que na actualidade están en poder da familia Franco e que buscaba recuperar o Concello de Santiago por vía xudicial.

Esta decisión da Xunta prodúcese, segundo explicou nun comunicado o Executivo galego, após o informe emitido polos servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en que se acreditan “como elementos singulares do acervo cultural galego polo seu significado, a súa orixe e a xenialidade do seu autor”. Na exposición argumental citan que eses elementos dispoñen do valor suficiente para seren bens de interese cultural. Como a súa orixe é diversa, a proposta pasa por declaralas de maneira





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

individual e non como colección, ao estaren custodiadas polo Museo da Catedral de Santiago, o Museo de Pontevedra e en coleccións particulares.

Foi o 4 de setembro de 2019 cando se publica no DOG a declaración como Ben de Interese Cultural dun conxunto de esculturas do obradoiro do Mestre Mateo, entre as que se encontran estas de dous profetas adquiridas polo Concello de Santiago. A tramitación do expediente necesario para a súa aprobación contou coa valoración favorábel da Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, do Consello da Cultura e do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

O Museo do Prado, a Real Academia Galega de Belas Artes e a Fundación Catedral de Santiago organizaron unha exposición monográfica con obras realizadas polo Mestre Mateo para a catedral de Santiago de Compostela, co punto en común de que se atopan fóra dos seus lugares de orixe desde hai 500 anos e entre as que se encontraban estas dúas pezas. Exhibiuse entre novembro de 2016 e abril de 2017 no Museo do Prado de Madrid e, con posteridade, esta mostra trasladouse ao Museo da Catedral de Santiago, onde foi visitada por máis de 120.000 persoas.

Ao abeiro desta mostra, sucedéronse diversas accións simbólicas para reivindicar, difundir e concienciar sobre a devolución das esculturas do Mestre Mateo e o espolio da familia Franco ao patrimonio de todos os galegos e galegas durante a ditadura. Supuxo un clamor social a recuperación destas obras singulares da arte universal.

Antes do remate do período desta exposición, unha vintena de persoas encadeáronse de xeito simbólico nas portas do Pazo de Xelmírez para reclamar que non saísen de Santiago de Compostela esas dúas pezas cedidas para a mostra. Este grupo de persoas despois de que o Concello e a Xunta iniciasen os trámites para recuperar a propiedade das figuras e protexelas como Ben de Interese Cultural (BIC),





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reclamáronlles ás dúas administracións que adoptase medidas cautelares para evitar que as estatuas marchasen de Compostela.

Porén, foron devoltas á familia Franco que depositou estas esculturas do Mestre Mateo no Pazo de Meirás cando concluíu a exposición na Catedral de Santiago, pese ao clamor social e de institucións como o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña para reclamar a súa restitución ao patrimonio público despois do espolio acontecido durante a ditadura.

As medidas cautelares para evitar que as esculturas saísen de Compostela deberon ser semellantes ás utilizadas cando se intentaron vender os debuxos das Cruces de Pedra de Castelao, que tampouco tiñan acreditada a propiedade, e foron depositados no Museo de Pontevedra no tempo que durou o proceso.

Pese a isto, as esculturas que realizou o Mestre Mateo para a fachada do Pórtico da Gloria no século XII abandonaron o Pazo de Xelmírez, integrado na Catedral de Santiago da que un día formaron parte, para retornaren coa familia Franco ao finalizar a exposición, posto que a Xunta non pediu medidas cautelares para procurar que permanezan nun espazo público até que se dirimise a demanda sobre a súa propiedade interposta polo Concello de Santiago.

Após a sentenza xudicial do Xulgado número 41 de Madrid que desestimou a demanda polas esculturas do Concello de Santiago que manteñen os herdeiros do ditador Francisco Franco, que mesmo pon en dúbida que sexan as mesmas da autoría do obradoiro Mestre Mateo de propiedade municipal, xurdiu nova documentación froito das investigacións de Francisco Prado-Vilar e diversos colectivos manifestáronse contrarios esta argumentación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Iniciativa Galega pola Memoria (IGM), que integra máis de 50 colectivos de toda Galiza, expresou o seu total rexeitamento a esa sentenza relativa a estas esculturas ao considerar que supón a lexitimación do espolio franquista e, polo tanto, unha grave eiva nun estado democrático.

A IGM cualificou de “burla” o contido desa sentenza que reconece que o Concello de Santiago é o titular destas esculturas pero non considera probado que sexan as mesmas que están en poder dos Franco. Lembrou que a propia familia reconeceu a súa autenticidade cando as cedeu para formar parte da exposición do Mestre Mateo e tamén quedou probada cando se lles outorgou a cualificación de Ben de Interese Cultural. A autenticidade nunca estivo en dúbida polo que a IGM considera este argumento unha mera artimaña para eludir a devolución ao Concello de Santiago das pezas, unha vez que a documentación presentada por este nos tribunais demostrou sen lugar a dúbidas a súa titularidade. Nese sentido, a IGM solicitoulle á administración compostelá que esgote todas as vías posíbeis para recuperar as esculturas e aos grupos parlamentares a aplicación dos dereitos á verdade, xustiza, reparación e non repetición recoñecidos pola ONU e recollidos na Declaración de Vilaboa, asinada polos colectivos que conforman esta plataforma.

Logo da sentenza saíron á luz novos datos do resultado das pescudas do investigador Francisco Prado-Vilar, director de Proxectos no Real Colexio Complutense de Harvard e director científico do Programa A.W. Mellon para o Pórtico da Gloria, que proban as argucias da familia Franco para se facer con este patrimonio. Así, revelan que no Ano Santo de 1954 se trasladaron estas esculturas do Concello de Santiago ao Pazo de Meirás. Diversas cartas e fotografías procedentes da investigación de Francisco Prado-Vilar evidencian a cronoloxía da decisión de trasladar ao pazo de Meirás as esculturas do Mestre Mateo do Concello de Santiago se produciu nesa data.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha carta de Chamoso Lamas a Sánchez Cantón do 5 de marzo de 1954 probaba que as esculturas de Ezequiel e Xeremías pertencían ao Concello de Santiago, tras a súa compra ao conde de Ximonde en 1948. A esta evidencia sumábase unha misiva de Filgueira Valverde a Sánchez Cantón do 30 de xaneiro de 1955.

Ademais, a contorna de Franco interveu para que as esculturas mateanas figurasen no catálogo da Exposición de Arte Románico de 1961 como “propiedade do Xefe do Estado”. Estas pescudas achegan datos sobre a inclusión das esculturas no catálogo da Exposición de Arte Románica de 1961 organizada polo Goberno español baixo os auspicios do Consello de Europa e na que, sorprendentemente, só foron exhibidas en reprodución fotográfica, como se indica no propio catálogo co único obxectivo de dar carta de natureza pública á súa recente posesión de facto por parte do Xefe do Estado, para procurar suplir así a carencia de título de propiedade, contrato de compravenda ou certificado de cesión, que non podían existir pola súa dubidosa legalidade.

Outra das probas gráficas deste historiador é que durante o incendio de 1978 producido no Pazo de Meirás, as filmacións revelan como as esculturas están dispostas no xardín desta propiedade.

Para este investigador, os actores implicados eran conscientes de que este agasallo supuña o incumprimento de varias cláusulas do contrato de compravenda, ademais de contravir a lexislación vixente sobre o alleamento de bens do patrimonio público, do que estas esculturas xa estiveran formando parte durante máis de seis anos. Ademais, tal doazón era vergoñosa e, por tanto, inconfesábel, mesmo para as propias autoridades do réxime que a propiciaron xa que sabían que estaban a privar a cidade de dúas obras cuxa recuperación fora motivo de celebración e orgullo poucos anos antes, un labor que “fai grandes os pobos”, como escribiu Asorey.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Finalmente, a Xunta de Galiza non pode permanecer sen facer nada diante da posibilidade de recuperar as estatuas do Mestre Mateo para o Patrimonio Público. Para alén de posuír as competencias de protección do Patrimonio e estarmos a falar dun BIC, a recente sentenza sobre o Pazo de Meirás demostra que é fundamental a colaboración de todas as administracións e a implicación decidida desde o primeiro momento para acompañar o que é un clamor popular que a sociedade galega reclama: a devolución das estatuas do Pórtico da Gloria compradas polo Concello de Santiago que nunca deberon abandonalo.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta a proseguir o camiño aberto na recente sentenza sobre o pazo de Meirás froito do traballo coordinado entre distintas administracións e, en consecuencia, colaborar co Concello de Santiago, co persoal investigador e coas asociacións de memoria histórica para documentar o espolio das estatuas do Mestre Mateo declaradas BIC, e para estudar as vías para a súa recuperación por parte do Concello de Santiago, co obxectivo de garantir a súa protección, difusión e reintegración para o patrimonio público.”

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2020 18:01:33

Iria Carreira Pazos na data 15/09/2020 18:01:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/09/2020 18:01:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputados **Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López, e Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o Plan de banda larga que conecte as parroquias do rural co polígono industrial de Viveiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe, o polígono de Landrove e o rural de Viveiro teñen unha carencia importante no acceso a internet cuns niveis adecuados de velocidade. Esta eiva faise máis evidente ao ver como dotar a estas zonas de banda larga de alta velocidade axudaría ás empresas e autónomos a desenvolverse a nivel competitivo, mellorando a economía e o emprego do concello, evitando a despoboación do rural e a emigración.

Alén disto, o polígono de Landrove leva moito tempo condenado a sufrir os problemas das comunicacións. Ademais do seu problema de acceso a nivel de estradas, temos que sumar o problema comunicativo a nivel dixital, mentres que as empresas de polígonos colindantes como os de Mondoñedo, As Pontes, Lourenzá e Ribadeo dispoñen de servizos de internet a través de fibra óptica, debido a que estes polígonos foron beneficiarios do Plan de banda larga da Xunta, financiado co 75% de fondos FEDER.

Da necesidade deste Plan de banda larga e dos beneficios que reportaría dá conta a Unión Europea, cando en 2010 estableceu que no 2020 xa debería existir unha banda





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

larga de máis de 30 Mbps en todos os recunchos dos seus Estados membros; e tamén cando o pasado 10 de decembro aprobaba unha axuda pública de 400 millóns de euros para levar a banda larga de alta velocidade ás zonas rurais do Estado español, a executar entre o 2020 e o 2022. A todo isto hai que sumar que antes do 1 de xaneiro do 2020, as grandes operadoras estaban obrigadas a proporcionar unha cobertura que permita o acceso á velocidade de 30 Mbps ou superior ao 90% dos habitantes nos municipios rurais.

Deste xeito e máis alá do uso persoal, a veciñanza de Viveiro precisa hoxe en día, máis que nunca, contar cunha conexión de velocidade digna coa que poder ter acceso con igualdade de oportunidades ao teleensino, teletraballo, e ter a opción de interrelacionarse coas administracións e poder realizar os seus trámites administrativos a través das sedes electrónicas das mesmas. De igual maneira, no plano empresarial e económico é un factor chave para que as empresas poidan desenvolver a súa actividade económica en condicións óptimas, máxime cando falamos de zonas de carácter rural.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a incluír ao concello de Viveiro, e ao polígono industrial de Landrove, no Plan de Banda Larga de Galicia 2020.”

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 15/09/2020 18:26:48

Daniel Castro García na data 15/09/2020 18:26:51

Daniel Pérez López na data 15/09/2020 18:27:06

María do Carme González Iglesias na data 15/09/2020 18:27:32

Ana Pontón Mondelo na data 15/09/2020 18:27:41



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Co motivo da irrupción da pandemia e as consecuencias graves provocadas pola COVID-19, un dos elementos de interese e relevancia para os sistemas sanitarios estaba en coñecer o impacto real do virus, máis alá das deteccións feitas en probas que, ademais, no inicio eran realizadas de maneira reactiva e non proactiva, debido ao volume e a imprevisibilidade da situación.

Froito desta cuestión o Goberno de España iniciou, a través do Instituto Carlos III, un estudo serolóxico para ter esta información que sería moi importante para a loita contra a pandemia. Despois disto, e nas portas dunhas eleccións autonómicas, a Xunta de Galicia utilizou a súa competencia sanitaria para que o entón candidato, Núñez Feijoo, anunciara un estudo propio autonómico a pesares de que o estudo estatal incluíría un volume e calidade de dato máis que suficiente para poder desagregar e ter información propia.

Para facer este estudo, que inicialmente foi anunciado con dilixencia pero logo foi formulado xa en dúas fases, utilizáronse 100 mil unidades de test que, naquel momento, poderían ser utilizadas para actividade máis ordinaria e de confronto coa pandemia. Ademais practicamente paralizouse unha boa parte do persoal de atención primaria quen, en condicións precarias de protección propia, debían facer as probas para este estudo.

Os primeiros resultados apuntaron a un desfase notorio respecto dos ofrecidos polo Goberno de España, moito máis coherentes e fiables segundo todos os datos obtidos, amosados e evidenciados no resto de España. En Galicia, a pesar diso, persistiuse na segunda fase volvendo a colapsar moito traballo en atención primaria coa dedicación de recursos materiais e humanos que non sobran.

Esta segunda fase foi anunciada para ofrecer resultados cara finais do mes de xuño, cando dende a propia Consellería anunciouse que “nunha semana haberá resultados”, coincidentemente co Pleno dunha campaña electoral. Nunca máis se



soubo con fiabilidade o que aqueles resultados poderían ofrecer, a pesar de ter dilapidado recursos para elo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a presentar un informe cos resultados definitivos do estudo serolóxico da Xunta de Galicia, con datos abertos e con plena disposición de consulta para calquera que o precise.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/09/2020 18:38:43

Marina Ortega Otero na data 15/09/2020 18:38:51

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/09/2020 18:39:03



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Luís Manuel Álvarez Martínez, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Dende o día 1 de agosto do presente ano, o persoal técnico do servizo de prevención de incendios forestais atópase en folga. A convocatoria realizouse logo dun acordo da asemblea de persoas traballadoras das organizacións sindicais, UGT, CIG, CCOO e CSIF con representación na mesa xeral de empregados públicos da Administración autónoma de Galicia, e despois de quince meses de peticións e mobilizacións sindicais. Folga de duración indefinida, e que comprende o persoal técnico de incendios forestais da Consellería de Medio Rural, concretamente os grupos A1 e A2 escala enxeñeiro/a técnicos/as forestais e enxeñeiros/as de montes.

Os motivos da folga se expuxeron por este grupo parlamentario, na proposición non de lei número 1294, que reproducimos integramente.

A maiores do exposto na proposición non de lei con número de rexistro 1294 en referencia as denuncias feitas polos sindicatos, como a externalización da dirección dos contratos de obra, substituíndo ao persoal técnico que está en folga por persoal alleo, a imposición no cambio de cuadrantes e calendarios de traballo para pasar duns servizos mínimos pactados do 66 % a o 100 %, presións para que se realicen informes e executar tramitacións non recollidas nos servizos mínimos, o último intento da Consellería de Medio Rural de desmobilizar as persoas traballadoras que están a secundar a folga de forma maioritaria é realizarlles descontos nas nóminas que os sindicatos consideran ilegais.

Nos criterios de desconto aplicados na liquidación das nómina do corpo facultativo superior e na especialidade enxeñería técnica forestal sinala a Consellería de Medio Rural na súa instrución o seguinte: *“Existindo por tanto determinadas funcións administrativas así como a responsabilidade inherente ás mesmas que non son desempeñadas polos traballadores que exercen o dereito a folga e comprenden coa prestación dos servizos mínimos, procede, en base ao*



indicado, o desconto de parte do salario correspondente as funcións non esenciais que se deixan de realizar na prestación dos servizos mínimos.“

E para os efectos de determinar o porcentaxe que dentro da xornada laboral supón a realización das tarefas de coordinación de incendios, efectúan unha clasificación dos distritos en tres niveis, en función do número de incendios que se produciron entre o 1 de agosto e o 24 de agosto de 2020. Concretamente en tres niveis, un nivel alto de incendios (superior a 20 incendios), un nivel medio (entre 11 e 20) e un nivel baixo (entre 1 e 10). Atribuíndo o labor de coordinación da seguinte forma.

Nivel 1, un 80%,

Nivel 2, un 60%

Nivel 3, un 40%

O desconto por conseguinte, o aplica a Consellería retendo un 60 % do salario as persoas traballadoras das provincias que calculan non chegaron a once incendios, retendo un 40 % do salario a provincias que estivesen entre 11 e 20 incendios e un desconto dun 20 % as provincias que superaron os vinte incendios entre o día 1 e 24 de agosto do presente ano.

